



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE DEZASETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN**  
**(ACTA NÚMERO 36)**

**Presidenta:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventor:**

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezasete de setembro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa como Secretario, o Secretario Xeral Adxunto don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asiste o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca e a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZ DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dez de setembro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

**Primeiro.-** *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro coa finalidade común de colaborar na solucións de problemas estruturais da fachada marítima (paseo marítimo) de Viveiro.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins común de Solucións de problemas estruturais da fachada marítima (paseo marítimo) de Viveiro, consta no mesmo:

Solicitude do Concello de Viveiro con número de expediente no GTM: 2021/PES\_03/017443, que inclúe ademais:

a. Proxecto ou memoria valorada do investimento.



b. Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7FWGSNFE6TXNESYR6E64DU6U.

Borrador de convenio con CSV: IV7FWMBONUJCJWUKTQ5NANAAAM.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7FWGR3KA5LVLG76EG4GUZSGL.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Solucións de problemas estruturais da fachada marítima (paseo marítimo) de Viveiro, con un orzamento total de 115.611,76€ euros.

**2º.-** Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 100.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada pola Excmá Deputación Provincial de Lugo a entidade Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Fomento do asociacionismo no sector turístico gastronómico e mantemento da sede da zona sur, na anualidade 2021.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Fomento do asociacionismo no sector turístico gastronómico e mantemento da sede da zona sur.” durante a anualidade 2021, polo importe 20.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2021.

Informe da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2021.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.



Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2021 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 3,1-) “Turismo” apartado d), titulada “Outras actuacións específicas” da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do P.E.S. da Deputación de Lugo 2020-2022, aprobado por Resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020 e actualizado por acordó da Xunta de Goberno de data 5 de marzo de 2021.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Fomento do asociacionismo no sector turístico gastronómico e mantemento da sede da zona sur.”, na anualidade 2021, subvención incluída na Liña 3,1-) "Turismo" apartado d), titulada “Outras actuacións específicas” da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do PES da Deputación de Lugo 2020-2022, aprobado por Resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020 e actualizado por acordo da Xunta de Goberno de data 5 marzo de 2021.

2º.- Aprobar o gasto de 20.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 4320.48900 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 a favor da entidade Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo, para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Fomento do asociacionismo no sector turístico gastronómico e mantemento da sede da zona sur.”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Burela para a execución de fins comúns consistentes en: Reposición de peche no campo de herba artificial de A Marosa.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Burela, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Reposición de peche no campo de herba artificial de A Marosa que dispón o seguinte:

“Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 16/10/2020, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Burela coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Reposición de peche no campo de herba artificial de A Marosa.

Segundo.- En data 20/10/2020 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Burela no que entre outros se recollía na cláusula terceira, relativa ás obrigas do Concello de Burela:

“(…)

e) Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 30 de setembro de 2021”

Terceiro.- Don Ramiro Fernández Rey, Alcalde en funcións do Concello de Burela achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 03/09/2021, a través do que manifesta “... a empresa adxudicataria traslada ao concello os problemas que ten no subministro de materiais



por parte dos provedores ....” Solicita se conceda prórroga ata o 30/11/2021 para a execución do convenio.

A documentación foi complementada mediante escrito de data 09/09/2021 no que manifiesta: “... o Concello de Burela comprométese a executar e xustificar o investimento na data límite de 30 de novembro de 2021.”

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Cuarto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Quinto.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran





recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando

esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de campo de fútbol.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Sétimo.- O municipio de Burela é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na



calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “ a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...).

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Oitavo.- O Concello de Burela, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Noveno.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2020.

O concello de Burela será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Décimo.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.



Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Décimo primeiro.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2021, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a data límite para executar e xustificar as actuacións incluídas o convenio sexa o 30 de novembro de 2021.

Décimo segundo.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

#### Conclusión

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Este informe substitúe a calquera outro emitido para o mesmo asunto.”

Por todo o exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación da data límite para a execución e xustificación dos investimentos do convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Burela coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Reposición de peche no campo de herba artificial de A Marosa, e que se recolle en addenda ao convenio, de tal xeito que a data para executar e xustificar os investimentos quede fixada na data límite do 30 de novembro de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MUTUOS ACORDOS ACADADOS CON TITULARES DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO FOZ.-**



**ACONDICIONAMENTO LU-P-0210 “A SEARA (LU-160)- SAN ACISCLO (LU-152A)”  
P.K. 5,100 AO 5,326.**

Logo de ver o informe de Expropiacións e Control de Proxectos, en relación co epígrafe do presente asunto, no que manifesta que se produciu un erro na redacción do mesmo, e propónse a súa corrección; a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita corrección, quedando redactado o epígrafe como segue: **PROPOSTA DE ADQUISICIÓN POR MUTUO ACORDO, DE BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA: FOZ.- ACONDICIONAMENTO DA LU-P-0210 “A SEARA (LU-160)-SAN ACISCLO (LU-152A)”, DO PK 5,100 AO 5,236.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto que na Sesión da Xunta de Goberno desta Deputación celebrada o día 29 de xaneiro de 2021, tense aprobado regulamentariamente o proxecto técnico correspondente á obra máis arriba mencionada, incluído o plano parcelario e relación de bens e dereitos afectados e, asemade, na sesión do 2 de xullo de 2021, foi aprobada a iniciación do expediente expropiatorio a tramitar para a adquisición dos bens e dereitos necesarios para a execución da devandita obra.

Vista a relación de bens e dereitos afectados para a execución da mencionada obra, e resultando que a adquisición de tales bens pode efectuarse por mutuo acordo a teor do disposto no artigo 24 da Lei de Expropiación Forzosa, para a súa aplicación e ao chegar a un acordo común entre as partes, o Deputado que subscribe, propón a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Adquirir por mutuo acordo entre esta Administración e os afectados, pola obra : FOZ. Acondicionamento da LU-P-0210 “A Seara (LU-160)-San Acisclo (LU-152A)”, do PK 5,100 ao 5,236., os bens que a continuación se reflicten:

| Nº Parcela | Titular/Titulares                                                     | Importe    |
|------------|-----------------------------------------------------------------------|------------|
| 4          | MARÍA ISABEL PERNAS REGO, ELADIO JOSÉ PERNAS REGO e ISABEL REGO LÓPEZ | 3.748,00 € |
| 7          | JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ GONZÁLEZ                                           | 6.500,00 € |

Suma: 10.248,00 €

2º.- Proceder ao pagamento dos mutuos acordos acadados e, posteriormente, ao levantamento de actas de ocupación, dando por concluída a adquisición dos bens arriba mencionados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DEVOLUCIÓN DA FIANZA CONSTITUÍDA EN CUMPRIMENTO DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL NA CALLE TUI Nº 5 LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación coa fianza depositada e vinculada ao contrato de arrendamento do local que ocupou o Servizo Provincial de Recadación e Xestión Tributaria constan os seguintes antecedentes:

Que por Resolución da Presidencia de 28 de decembro de 2020-da que se deu conta á Xunta de Goberno na sesión celebrada o 30 de decembro de 2020 acordouse a ampliar o prazo de prórroga do citado contrato ata que se puidese desaloxar o inmovble por contar cos locais para reubicar o Servizo Recadación e Xestión Tributaria e, sendo previsible a data do 28 de xuño de 2021.

Que non obstante, prevista a finalización do contrato para o 28 de xuño de 2021, non é ata o 27 de agosto 2021 cando se realiza o traslado efectivo dos ditos servizos provinciais e na que se puido desaloxar o inmovble por contar cos locais para reubicar o Servizo Recadación e Xestión Tributaria.





Que con data do 18 de agosto de 2021 esta Deputación comunica á arrendataria a finalización do contrato de 27 de agosto de 2021 e o cumprimento de todos os seus termos e condicións.

Que con esa data do 27 de agosto de 2021 esta Deputación de Lugo e o arrendador, Ramón Arias Rocas, asina un documento de entrega de chaves do local dándose por rematado o contrato de arrendamento.

Que consta no expediente a Carta de pago por importe de 4.800 € ingresados pola arrendadora con data do 28 de outubro de 2005 na Tesourería provincial baixo o concepto de Fianza definitiva contrato de arrendamento local para o Servizo de Recadación e segundo estipulaba ao efecto o prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobado pola Xunta de Goberno do 24 de xuño de 2005 e publicado no BOP nº 148 do 30 de xuño de 2005.

Tendo en conta o informe da Sección de Patrimonio do 9 de setembro de 2021 baixo o CSV IV7FWUA4JFB6VGHT6BUBKRXGO4 que expresa que finalizado o contrato de arrendamento e tendo por cumpridos todos os seus termos e condicións estímase que procede a devolución de 4.800 € a favor da arrendadora que ingresou con data do 28 de outubro de 2005 na Tesourería provincial baixo o concepto de Fianza definitiva contrato de arrendamento local para o Servizo de Recadación.

A Intervención Provincial baixo o CSV IV7FWG3OFU4LXWNJXVMCCT7HOY conclúe con data do 14 de setembro do 2021 que Non existe impedimento en proceder á devolución da garantía indicada.

Polo exposto, atendendo a que o artigo 54.13 do Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo atribúe a dita competencia por razón da competencia do contrato que neste caso correspondeu á Xunta de Goberno propónse que pola Xunta de Goberno se acorde:

Resolver a devolución da fianza vinculada ao contrato de arrendamento do local que ocupou o Servizo Provincial de Recadación e Xestión Tributaria a favor do arrendador Ramón

Arias Roca e por importe de 4.800 € que se ingresara con data do 28 de outubro de 2005 na Tesourería provincial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2018.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación de subvencións, que se relacionan, concedidas por acordo da Xunta de Goberno de esta Excma. Deputación de data 10 de agosto de 2018, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades culturais realizadas por entidades culturais, ano 2018, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 111, do día 16 de maio de 2018, e visto o informe do Xefe de Servizo de Cultura e Turismo onde se indica:

“En relación aos expedientes que se relacionan referentes á xustificación das subvencións de referencia, procede informar:

1.- Na Xunta de Goberno do día 4 de maio de 2018, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrência para a concesión.

2.- Con data 16 de maio de 2018, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 111 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles



para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 10 de agosto de 2018, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 14 de agosto de 2018, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 186, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2019.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de

novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Unha vez rematado o prazo de presentación das contas xustificativas, correspondentes ás entidades culturais relacionadas, revísase a documentación presentada e constátase que presenta deficiencias dacordo as Bases da Convocatoria para a xustificación das subvencións concedidas. Por este motivo, a Presidencia desta Deputación, resolveu, con data 18 de decembro de 2019, requirir ás asociacións culturais que se relacionan, para que no prazo improrrogable de 15 días, presenten a documentación requirida, advirtíndoselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvencións, previo trámite do expediente

8.- Con data 30 de decembro de 2019, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

9.- Transcorrido o citado prazo de 15 días e non sendo atendido o citado requirimento polas asociacións citadas, ou sendo atendido este pero presentada a documentación incorrectamente, a Presidencia desta Excm. Deputación de Lugo, resolveu, con data 06 de xullo de 2021, iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018, aprobadas pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

10.- Con data 13 de xullo de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.



Transcorrido o citado prazo de 10 días, establecido para o trámite de audiencia, as asociacións culturais citadas, non presentaron neste organismo a documentación requirida, tal e como se expoñía nas citadas notificacións e como consta no punto 11 das Bases da Convocatoria para a concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2018.

En base ao antedito, esta Xefatura de Servizo, informa:

Que procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións que se relacionan, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2018, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 186 de 14 de agosto de 2018, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de trascorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

| Nº REX.      | NOME ENTIDADE                                   | CIF       | NOME ACTIVIDADE                                                                                        | IMPORTE   |
|--------------|-------------------------------------------------|-----------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| 16674        | CORAL POLIFÓNICA DE FOZ                         | G27021484 | ENCUNTROS CORAIS                                                                                       | 936,00€   |
| 16728        | ASOC. DE PERSOAS XORDAS MAIORES DE LUGO         | G27440536 | ENCUNTRO CULTURAL DE PERSOAS XORDAS MAIORES DE LUGO: "AS PERSOAS XORDAS MAIORES IMOS"                  | 1.064,00  |
| 16781        | ASOC. CULT. Y GASTRONÓMICA "LUSO – GALAICA"     | G27312792 | ESCOLMA DE DIVULGACIÓN DO INVENTARIO DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO DOS UTENSILIOS DO VIÑO NA RIBEIRA SACRA | 730,00€   |
| 2018RT000359 | AS BULIDOIRAS                                   | G27113406 | ruta cultural por Galicia                                                                              | 1.111,00€ |
| 16937        | ASOC. DE MUJERES Y FAMILIA PELEIRIÑOS DE SARRIA | G27202175 | PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA MÚSICA E BAILE TRADICIONAL GALEGO                                              | 566,58€   |
| 17028        | ASOC. CULT. MIL CORES                           | G27449305 | CREATIVIDADE E LECER (OBRADOIROS CULTURAIS)                                                            | 920,00€   |

Tendo en conta, que unha vez transcorrido o prazo citado de 10 días de trámite de audiencia, a Deputada que subscribe propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se se declare perda de dereito ao cobro total das subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, das entidades relacionadas, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS. (e despois de transcorrer o prazo de audiencia concedido, sen presentar alegacións nin documentación), que se relacionan:

| Nº REX.      | NOME ENTIDADE                                   | CIF       | NOME ACTIVIDADE                                                                                        | IMPORTE   |
|--------------|-------------------------------------------------|-----------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| 16674        | CORAL POLIFÓNICA DE FOZ                         | G27021484 | ENCONTROS CORAIS                                                                                       | 936,00€   |
| 16728        | ASOC. DE PERSOAS XORDAS MAIORES DE LUGO         | G27440536 | ENCONTRO CULTURAL DE PERSOAS XORDAS MAIORES DE LUGO: "AS PERSOAS XORDAS MAIORES IMOS"                  | 1.064,00  |
| 16781        | ASOC. CULT. Y GASTRONÓMICA "LUSO – GALAICA"     | G27312792 | ESCOLMA DE DIVULGACIÓN DO INVENTARIO DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO DOS UTENSILIOS DO VIÑO NA RIBEIRA SACRA | 730,00€   |
| 2018RT000359 | AS BULIDOIRAS                                   | G27113406 | RUTA CULTURAL POR GALICIA                                                                              | 1.111,00€ |
| 16937        | ASOC. DE MUJERES Y FAMILIA PELEIRIÑOS DE SARRIA | G27202175 | PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA MÚSICA E BAILE TRADICIONAL GALEGO                                              | 566,58€   |
| 17028        | ASOC. CULT. MIL CORES                           | G27449305 | CREATIVIDADE E LECER (OBRADOIROS CULTURALS)                                                            | 920,00€   |

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DO XEFE SECCIÓN I INFORMÁTICA RECADACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto D. Luís García Parada, nacido o 24 de febreiro de 1954, funcionario de carreira da Deputación Provincial de Lugo, titular do posto de traballo de Xefe Sección I Informática Recadación, presentou escrito o pasado 8 de xullo de 2021, dirixido á Presidencia desta Entidade, conformado polo Xefe do Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, no que solicita a prolongación de permanencia no servizo activo, por un ano máis.

Tendo en conta que a Sra. Deputada Delegada da Área de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, en data 21 de xullo de 2021, emite o seguinte informe en relación ao solicitado:

“Visto o escrito de data 8 de xullo de 2021 asinado por Luís García Parada e por Emilio Justo Fernández Pita a través do cal se solicita a prolongación de permanencia no servizo activo, por un ano, de Luís García Parada.

Vistas as necesidades da Sección de Informática do Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria propoño que a prolongación de permanencia no servizo activo sexa ata o 31 de xaneiro de 2022”.

Consideracións legais e técnicas

A Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

“Anexo V

Xubilación do persoal funcionario e laboral.

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións lexislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.

c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

- 1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.





2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, estase en proceso de incorporación de novos procedementos; co fin de completar tódolos obxectivos do servizo, rematar o ano contable e o período de formación do Técnico incorporado. Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria.

Tomando en consideración que no que fai referencia a resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado (1 decembro 2019 a 30 de novembro do 2020) ten acadado unha valoración de Moi Excepcional; e que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza, o citado funcionario asiste regularmente ao seu posto de traballo, constatándose unha dedicación horaria superior; sen que exista constancia de absentismo inxustificado no seu expediente persoal.

Á vista de canto antecede e os informes dos servizos, considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a decisión, de considerarse oportuno, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo accedendo á pretensión do funcionario de carreira, D. Luís García Parada, de prolongar a permanencia no servizo activo, canto menos parcialmente, no que fai referencia ao período de prolongación; e, en consideración ao contido do informe emitido pola Sra. Deputada Delegada da Área de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, a prolongación será dende o 25 de outubro de 2021 ata o 31 de xaneiro de 2022; por ser esa a data na que, dende o punto de vista das necesidades de carácter organizativo, se considera idóneo, no referido informe, unha vez completado o período de plena integración do técnico incorporado á Sección de Informática de Recadación, con fundamento nas circunstancias e consideracións que no dito informe se achegan para determinar o alcance da proposta de decisión sobre a solicitude.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



## **7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE A UNHA ADMINISTRATIVA, FUNCIONARIA INTERINA.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Mediante escrito de data 26 de agosto de 2021, que tivo entrada nesta Entidade o mesmo día, Dona Alba Novo Chantres formula solicitude de autorización de compatibilidade, con efectos do día 1 de setembro de 2021, por estar traballando na empresa privada.

Considerando que dos antecedentes que constan na Sección de Admón. de RR.HH. despréndese que Dona Alba Novo Chantres foi seleccionada para prestar servizos como Administrativa, funcionaria interina, por Resolución da Presidencia de data 31 de agosto de 2021, iniciando a súa relación o día 1 de setembro de 2021.

Consideracións legais e técnicas.

Normativa de aplicación.

O artigo 145 do RDL 781/86, establece que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local é o establecido na Lei 53/84 e “nas normas que dite o Estado para a aplicación aos funcionarios da Administración Local”. Estas normas específicas non están ditadas.

As normas de desenvolvemento da lei 53/84 están contidas no RD 598/85 que, conforme ao artigo 1 do citado regulamento é de aplicación ao persoal determinado no artigo 2 da lei 53/84 “a excepción (...) do que desempeñe, como única ou principal, unha actividade pública ao servizo de unha Comunidade Autónoma ou Corporación Local”.

En consecuencia, a normativa aplicable está contida nas seguintes normas:

Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación provincial de Lugo e INLUDES (BOP 30.09.06).

Igualmente debe tomarse en consideración o enunciado na Disposición Transitoria Novena, apartado 2, da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que condiciona a concesión de compatibilidade para actividades privadas a que a contía do complemento específico non supere o 30% da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade;a a expresa aceptación da persoa interesada.

Necesidade de preceptivo recoñecemento de compatibilidade e posibilidade de que se efectúe tal recoñecemento.

O artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece:“O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade”.

Dos antecedentes que obran no expediente do solicitante dedúcese que non se lle concedeu compatibilidade para ningunha actividade privada, nin para segundo posto de traballo no sector público.

A actividade privada para a que solicita compatibilidade non está exceptuada do réxime de incompatibilidades conforme ao previsto no artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, procedendo, polo tanto, resolver sobre esta.

Límites por razón de imparcialidade e independencia no exercicio das funcións públicas.

O artigo 1.3 da Lei 53/84 sinala:

“En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade,



público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia”.

O artigo 11 da Lei 53/84 sinala:

“1. De acordo co disposto no artigo 1.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado.

Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados”.

A maiores do sinalado anteriormente, o artigo 12.1 da Lei 53/84 limita o exercicio da actividade privada, establecendo:

“1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:

a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, ou nos asuntos nos que estea intervindo, teña intervindo nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público.

Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos rectores de empresas ou entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas esté directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

c) O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de toda orde en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica de aquelas.

d) A participación superior ao 10 por 100 no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior.”

Da instancia do interesado e documentación que figura no expediente nada indica que a actividade para a que solicita a compatibilidade infrinxa o sinalado no artigo anterior.

Limitacións sobre xornada e horario.

O artigo 12.2 da Lei 53/84 establece:

“2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas, só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.”

O artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, establece:

“O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo nin o horario do interesado e queda automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto de traballo no sector público.”

En consecuencia, dado que a actividade como empregado da Deputación é a tempo completo, cos descansos que establece a Lei, para o cumprimento do sinalado no artigo anterior a presenza efectiva ou dedicación á actividade privada por parte da solicitante non poderá ser igual ou superior a metade da xornada semanal ordinaria de traballo ao servizo da Deputación, concretándose en que non pode superar as 18 horas, 45 minutos.

Tampouco se modificará por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario do empregado.

O Informe do Servizo sinala que non existe impedimento para autorizar a compatibilidade.



Limitacións relativas ao desempeño do posto de traballo.

O Artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, di textualmente:

“O recoñecemento de compatibilidade (...) quedará sen efectos no caso de cambio de posto no sector público”.

O Artigo 15 da Lei 53/84, establece:

“O persoal a que se refire esta Lei non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional”.

Limitacións retributivas.

O artigo 16 da mencionada norma establece:

“Así mesmo, por excepción e sen prexuízo do establecido nos artigos 1.3, 11, 12, e 13 da presente Lei, poderá concederse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñen postos de traballo que comporten percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30 por cento das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.”

Nese sentido, o artigo 18. 4, parágrafo segundo, do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e INLUDES (BOP de 31.07.2006) establece:

“Os traballadores que soliciten compatibilidade para unha segunda actividade pública ou privada estarán ao que determine a lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, axeitándose as retribucións ao que determinen as citadas normas no suposto de que proceda acordar a compatibilidade.”

Polo tanto, para o cumprimento do establecido no artigo 16 anterior, a contía do Complemento Específico a percibir polo traballador non pode superar o 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, debendo reducirse de superalas ao límite sinalado, entendéndose que ao aceptar a concesión de compatibilidade renuncia e acepta a limitación sinalada.

Tramitación, resolución e efectos da mesma.

A solicitude da interesada debe ter a conformidade do Servizo a efectos de garantir que non interfere na prestación do mesmo.

Dado que o informe establece limitacións, entre elas as que afectan ás retribucións, debe ser posto en coñecemento do mesmo, a efectos do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O artigo 14 da Lei 53/84 establece:

“O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.”

Como consecuencia do sinalado e vistos os informes dos servizos, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo concedendo a Dona Alba Novo Chantres a compatibilidade para traballar na empresa privada, que desenvolverá fóra do horario establecido para prestar os seus servizos neste Organismo, sen que se modifique por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario e coas demais limitacións e condicionantes sinalados no presente informe, e os demais que se deriven da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e quedando automaticamente sen efectos polo cambio de posto de traballo. O incumprimento das condicións legais establecidas, co contido expresado neste informe, poderá ser sancionado conforme as normas contidas no Título VII (Régime Disciplinario) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e demais normas sobre réxime disciplinario que resulten de aplicación.





A autorización de compatibilidade terá efectos dende o día 1 de setembro de 2021, data na que se inicia a relación laboral nesta Entidade como Administrativa, funcionaria interina.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

*Conta e cumprimento Decreto de data 1 de febreiro de 2021 ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo dentro do Procedemento Ordinario 280/2018-L.*

Dase conta do Decreto de data 1 de febreiro de 2021 ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo dentro do Procedemento Ordinario 280/2018 L seguido a instancia de D. Luis Castro Casal e D. Germán Carnero Pérez fronte a esta entidade en concepto de indemnización a favor da testemuña de D. Roi Fernández Añón; e en cuxo fallo di o seguinte: “Fijar en la cantidad de 41,80 euros, la indemnización a favor del testigo D. Roi Fernández Añón, cantidad que deberá hacer efectiva la parte proponente de la prueba, Diputación Provincial de Lugo. En caso de ser abonada a través de este órgano deberá ser ingresada en la cuenta de consignaciones judiciales”. A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento ó citado decreto; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao ingreso da cantidade de 41,80 euros, en concepto de indemnización á testemuña, na conta de consignacións xudiciais.

### **ASUNTO DE URXENCIA**

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptouse o seguinte acordo:

**PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE MODALIDADE DE PAGO NA ADXUDICACIÓN DA PARCELA NÚMERO 28 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CHANTADA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria, celebrada o día 23 de xullo de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial de Castroverde e no Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, mediante poxa, aprobando o prego de cláusulas administrativas que rexerán este procedemento e a publicación das bases que regularán o presente procedemento de alleamento no Boletín Oficial da Provincia.

O prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento, para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial de Castroverde e no Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 172, de data de 29 de xullo de 2021.

Mediante Decreto de Presidencia, de data de 05 de agosto de 2021, ratificado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en data de 6 de agosto de 2021, foi modificada a cláusula número 12 deste prego de cláusulas administrativas.

No Boletín Oficial da Provincia, número 182, de data de 10 de agosto de 2021, publicouse a modificación referenciada no punto anterior.

Na Sesión da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data de 10 de setembro de 2021 adoptouse, a vista da Acta da reunión da Mesa de Valoración, celebrada en data de 31 de agosto de 2021, con CSV IV7FUAKIZUV4KVG7P7Q5TC5BWGA e o informe emitido pola Sección de Patrimonio en data 9 de setembro de 2021 con CSV IV7FWXZT2FWY7K46S4F5ET2FGM, e o informe de intervención con CSV IV7FWQJZNYR2JWP3RQWECRLE6A, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Proposta de adxudicación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo empresarial, propiedade da Deputación de Lugo, mediante poxa.

Nos seguintes termos:



Primeiro – Adxudicar o procedemento de alleamento de parcelas de solo empresarial, propiedade da Deputación Provincial, mediante poxa, a favor dos licitadores e coas ofertas seguintes:

“ ...

| LICITADOR                     | POL- INDUSTRIAL                 | Nº PARCELA | IMPORTE OFERTADO | MODALIDADE DE PAGO |
|-------------------------------|---------------------------------|------------|------------------|--------------------|
| DISTRIBUCIONES CHOUZAN S.L.U. | POLÍGONO INDUSTRIAL DE CHANTADA | PARCELA 28 | 35.000,00€       | PAGO APRAZADO      |

En data de 14 de setembro de 2021 Rafael Viña Lamas, en representación da empresa Distribuciones Chouzan S.L.U, presenta un escrito indicando que o día 11 de agosto de 2021 presentou oferta pola parcela 28 do Polígono Industrial “Os Acivos” do Concello de Chantada e con número de asento rexistral 2021RPE023645 e que na oferta presentada solicitouse como forma de pago o pago aprazado e solicitando que se lle permita cambiar a forma de pago da parcela de pago aprazado a pago ao contado, debido a que se esixe esa forma de pago para poder optar a subvencións, xa que non se permite o pago aprazado, indicando que lle urxe a sinatura desta escritura de compraventa.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno:

**1º-** Aprobar a urxencia da modalidade de pago da parcela número 28 do Polígono Industrial de Chantada.

**2º-** Adxudicar o procedemento de alleamento de parcela de solo empresarial, propiedade da Deputación Provincial, mediante poxa, a favor dos licitadores e coas oferta seguinte:

| LICITADOR                     | POL- INDUSTRIAL                 | Nº PARCELA | IMPORTE OFERTADO | MODALIDADE DE PAGO |
|-------------------------------|---------------------------------|------------|------------------|--------------------|
| DISTRIBUCIONES CHOUZAN S.L.U. | POLÍGONO INDUSTRIAL DE CHANTADA | PARCELA 28 | 35.000,00€       | PAGO ÚNICO.        |

## **9.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.